

## CRITERIOS AVALIACIÓN

Os/as candidatos/as remitidos/as polo Servizo Público de Emprego para a selección de 3 Socorristas, CNO 59921017, efectuada en base á Orde de do 12 de abril de 2021 (DOG nº 73 de data 20 de abril de 2021) para a obra ou servizo “Dinamización do Servizo Socorrismo” con unha duración estimada de tres meses para a formalización dun contrato temporal coas cláusulas específicas de interese social, deberán aportar COPIA da documentación relativa aos requisitos expostos neste escrito, así como toda aquela que consideren necesaria, co fin de poder valorar os méritos que aleguen:

### 1. REQUISITOS MÍNIMOS DOS ASPIRANTES

- 1.- Os requisitos que a continuación se enumeran serán imprescindibles para o acceso ás prazas:
  - a. Ser español ou nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, así como aqueles estranxeiros con residencia legal en España e posúan o dereito de acceso sen limitación o mercado laboral.
  - b. Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, polo que non se deberá padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
  - c. Ter cumpridos dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
  - d. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos ou escalas de funcionarios ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou



- equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso a función pública.
- e. Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
  - f. Estar inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante non ocupado. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
  - g. Os/as candidatos/as que estivesen contratados, por un período igual ou superior a seis meses, con cargo as axudas concedidas no ano 2020, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde.
  - h. Estar en posesión da titulación mínima de ESO (Educación Secundaria Obrigatoria), ou equivalente.
  - i. Os aspirantes deberán figurar inscritos como socorristas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (Decreto 104/2012, do 16 de marzo, e Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo,) na sección de socorristas en espazos acuáticos naturais.
    - 1. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data en que se formalice o nomeamento ou a contratación.

## 2. PUBLICIDADE

Aos efectos de maior publicidade, os presentes criterios serán publicados na páxina web [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal).

## 3. PROCEDEMENTO SELECTIVO

O procedemento selectivo será a través de concurso - oposición e a puntuación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios do proceso selectivo, debendo ter superado a totalidade dos exercicios, salvo a proba de galego que será obrigatoria pero non eliminatoria.

Os méritos acreditaranse mediante a presentación de fotocopias na data da convocatoria para a primeira proba. Se non se presentara fotocopia do mérito que se desexe alegar no prazo indicado este non será tido en conta a efectos da súa puntuación.



1. **FASE OPOSICIÓN:** Será previa á fase de concurso e consistirá na realización das seguintes probas:

1. **Proba escrita:** Exercicio obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test, que constará dun mínimo de 20 preguntas, con tres posibles respostas, sendo só válida unha delas.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

Non se contabilizarán as preguntas incorrectas ou non contestadas, versando o exame sobre os seguintes temas:

- **Primeiros Auxilios:**

Pautas xerais de actuación ante un accidente, valoración do accidentado, reanimación cardio pulmonar, hemorragias , feridas, traumatismos e politraumatismos, shock, cadros convulsivos, trastornos de calor, lesións, trastornos polo frío, intoxicacións por vía dixestiva, picaduras e mordeduras, intoxicacións por drogas, transporte de accidentados e asfixias.

- **Salvamento e rescate acuático:**

Principios xerais do salvamento acuático, secuencia de actuación no salvamento acuático, técnicas de entrada na auga, flotacións, técnicas de nado adaptadas, o mergullo, técnicas de control e zafaduras, técnicas de remolque directas, técnicas de utilización do material de rescate, técnicas para o rescate de accidentados de columna, técnicas de respiración artificial no medio acuático, técnicas de extracción de accidentados, o salvamento acuático en espazos naturais e comunicacións

## 2. Probas físicas:

Os/as aspirantes poderán vir provistos de: bañador, gafas, gorro, aletas e traxe de neopreno.

Divídese en dúas partes, obrigatorias e eliminatorias cada unha delas:

**1ª)** Consistirá en correr a distancia que determinará o tribunal no momento da proba, entrar á auga e nadar a distancia sinalada igualmente no momento da proba ata un bañista/ manequín que simula afogarse, realizar zafaduras e control do accidentado e remolcar con seguridade ao accidentado ata a beira e deixalo con seguridade.

Neste exercicio valorarase toda a secuencia do rescate (entrada á auga, nado de aproximación, contacto co accidentado, zafadura, nado adaptado de remolque e extracción), o tempo de desenvolvemento da proba medirase ata que se deixa ao accidentado na beira con seguridade.

TEMPO	PUNTOS



TEMPO	PUNTOS
+5%	9
+10%	8
+15%	7
+20%	6
+25%	5
+30%	4
+35%	3
+40%	2
+45%	1
+50%	0

Todo aquel que realice a proba cunha diferenza de mais de 50% en relación ao mellor tempo considerárase que non superou a proba, e quedará eliminado do proceso selectivo.

Para as mulleres, de alcanzar un tempo maior, a puntuación comezará co tempo do primeiro clasificado + 10%.

**2ª) Proba de RCP:** Proba obrigatoria e eliminatória. Os aspirantes obterán a cualificacións de aptos ou non aptos, podendo realizarse ato dous intentos.

Na RCP, valorárase a efectividade das compresión (profundidade das mesmas e un ritmo que deberá ser o máis próximo a 100 comp/min) e as cantidades de aire insuflado ao manequín, así como a correcta secuencia da manobra.

2. **FASE DE CONCURSO:** Formación na praza obxecto da convocatoria, cun máximo de 4 puntos, nos seguintes termos:

Cursos e actividades relacionados con socorrismo acuático, natación, primeiros auxilios, animación ao tempo libre das Federación Española ou Galega de Natación ou outros organismos oficiais, a razón de:

- Cursos de 10 horas a 25 horas: 0,10 puntos
- Cursos de 26 horas a 50 horas: 0,15 puntos
- Cursos de 51 horas a 100 horas: 0,20 puntos
- Cursos de 101 horas ou mais:: 0,65 puntos

Puntuación por titulación académica:



Titulacións ou cursos	Puntos
Curso DESA en vigor	1
PNB, PER ou superior	1
Título TSAFDA	1
Título INEF	1
Curso Prevención de riscos laborais - mínimo 50 horas	1

No caso de que o aspirantes posúa dúas o mais titulacións académicas terase en conta a de maior nivel académico.

### **3. PROBA DE GALEGO: Obrigatoria e non eliminatoria**

Consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego ou viceversa. Este exercicio valorarase de 0 a 1 punto, non tendo carácter eliminatorio.

Estarán exentos de este exercicio, aqueles aspirantes que posúan o Celga 3 ou equivalente, debidamente homologado, asignándoseles directamente 1 punto.

### **4. Baremación de criterios de inclusión social, non obrigatorios e puntuables: máximo 2,5 puntos**

Terán preferencia en caso de empate os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, de acordo co establecido no artigo 14.5 da Orde de data 12 de abril de 2021:

En función do recollido neste punto, resulta obrigado establecer un sistema de puntuación dos criterios de preferencia de inclusión social con aplicación de criterios obxectivos.

Para poder acreditar estes criterios, requírese a presentación dos seguintes documentos:

- Víctimas de violencia de xénero: sentenza firme e/ou informe dos Servizos Sociais e/ou CIM.
- Persoas maiores de 45 anos: DNI
- Familias monoparentais: libro de familia e sentenza firme de separación ou divorcio



- Nivel de rendas e cargas familiares: comprobarase mediante declaración xurada presentada por cada candidato/a. En relación con esta declaración xurada, cómpre sinalar que as persoas candidatas:
  - o Autorizar expresamente ao Tribunal a solicitar, no seu caso, calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nesta declaración.
  - o Responsabilízanse expresamente da veracidade de todos os datos que recolle a documentación aportada en xeral e, especificamente, nesta declaración, asumindo as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información, comprométense de xeito expreso a comunicar ao Tribunal de forma inmediata e por escrito, calquera circunstancia específica de importancia para a valoración do nivel de rendas dentro deste proceso selectivo.
  - o No caso de que este documento non sexa cuberto, non se valorará o nivel de rendas

Estes apartados serán puntuados do seguinte xeito:

- a. Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia:
  - Por ser muller: 0,50 puntos
  - Por ser vítima de violencia de xénero: 1 punto
- b. Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
  - Demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional: 1 puntos
  - Menores de 30 anos: 0.50 puntos
- c. Persoas paradas de longa duración. Valorarase ata un máximo de 1 punto
  - Menos de 12 meses: 0.50 puntos
  - Mais de 12 meses: 0.75 puntos
  - Mais de 18 meses: 1 punto
- d. Persoas con discapacidade: 1 punto
- e. Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: 1 punto
- f. Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 1 punto



g. Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia: 1 Punto

h) Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento, puntuándose 0.10 por cada desas persoas, ata un máximo de 0,40 puntos.

De existir empate entre as puntuacións dos/as candidatos/as, este resolverase a favor de aquel/a que teña a primeira maior puntuación seguindo a orde de puntuación do baremo, incluíndo a entrevista. Se este continuase desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de 29/01/2021 pola que se fai público para o ano 2021 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia, (DOGA 05/02/2021), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "Y".

#### **4. COMISIÓN SELECCIONADORA - TRIBUNAL.**

O tribunal de selección será nomeado pola Xunta de Goberno ou Decreto de Alcaldía, e estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: Presidente, Secretario e 3 vogais, segundo o disposto no artigo 4 e) e f) do Real Decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigo 36 da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.

En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

O tribunal, previo nomeamento por Resolución de Alcaldía, poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando as circunstancias así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas.

#### **5. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN**

Os/as aspirantes seleccionados/as e propostos/as polo Tribunal deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos nos tres días seguintes á publicación da lista definitiva de puntuación.



Asemade, deberán presentar o certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizalas funcións propias a desenvolver.

**RECURSOS:** Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso- Administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

